

Decreto.....do.....polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## Preámbulo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada Lei. Así mesmo, establece que corresponde ao Estado fixar os aspectos básicos do currículo en relación aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas ás que se refire a disposición adicional primeira, apartado 2, letra c, da Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.

O Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro establece as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación secundaria obrigatoria.

A finalidade das ensinanzas mínimas é asegurar unha formación común a todas as alumnas e alumnos dentro do sistema educativo español e garantir a validez dos títulos correspondentes, como indica o artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Dita formación facilitará a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe en caso de mobilidade xeográfica.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan.

A Lei Orgánica de Educación indica que serán as Administracións educativas as que establezan o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola citada Lei, do que formarán parte os aspectos básicos anteriormente indicados.

Os centros docentes desenvolverán e completarán, se fose o caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa autonomía, tal e como se recolle no capítulo II do título V da Lei Orgánica da Educación, respondendo ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e xestión que a citada Lei atribúe aos centros educativos coa finalidade de adecuarse ás características e á realidade educativa de cada un deles.

O currículo que se establece neste decreto ten como obxectivo contribuír ao logro dos principios básicos desta Lei Orgánica de Educación que se expresan no preámbulo e que se resumen en lograr:

- ❖ Calidade de educación para todo o alumnado.
- ❖ Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- ❖ Esfuerzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa

A Educación secundaria obrigatoria constitúe, xunto coa etapa de Educación Primaria, o Ensino Básico, que é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas.

A Educación secundaria obrigatoria debe combinar o principio dunha educación común para todo o alumnado coa atención á diversidade. Porén os centros educativos, no uso da súa autonomía, adoptarán as medidas organizativas e curriculares que, de forma flexible, se adecúen ás características do seu alumnado.

Na regulación das ensinanzas mínimas ten especial relevancia a definición das competencias básicas que comezaron a desenvolverse na etapa anterior, que serán completadas na Educación secundaria obrigatoria e deberán ser alcanzadas por todo o alumnado. As competencias básicas permiten identificar aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende un enfoque integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar ás alumnas e aos alumnos para a súa realización persoal, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os obxectivos da Educación secundaria obrigatoria defínense para toda a etapa.  
A presentación de cada unha das materias que constitúen o currículo van presentadas cos obxectivos, achegas á consecución das competencias básicas, contidos e criterios de avaliación.

Neste decreto inclúense os seguintes anexos:

Anexo I- competencias básicas.

Anexo II- materias do currículo desta etapa educativa.

Anexo III- cadro de distribución horaria.

Anexo IV-

Anexo V- plan lector.

Anexo VI- plan de introdución das tecnoloxías de información e comunicación.

Polo tanto, a proposta da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe do Consello Escolar de Galicia e da deliberación do Consello de Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....

## DISPOÑO

### Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente decreto ten por obxecto establecer a ordenación xeral e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria, e será de aplicación en todos os centros docentes que impartan ditas ensinanzas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Artigo 2.- Principios xerais.

1.- A Educación secundaria obrigatoria é unha etapa educativa que ten carácter obrigatorio e gratuíto. A Educación secundaria obrigatoria xunto coa Educación primaria constitúen a educación básica.

2.- A Educación secundaria obrigatoria comprende catro cursos académicos, que se realizarán ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos de idade.

3.- O alumnado incorporárase, con carácter xeral, ao primeiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, de acordo coas normas de promoción a estas ensinanzas, unha vez cursada a Educación primaria, no ano natural no que cumpran os doce anos de idade, agás nos seguintes supostos:

- a) Alumnado que permanecese un ano máis na Educación primaria en virtude do establecido nas normas de promoción de ciclo destas ensinanzas.
- b) Alumnado con altas capacidades intelectuais aos que se lles flexibilízase o inicio e/ou a duración da Educación Primaria.
- c) Alumnado con necesidades educativas especiais que prolongase a súa escolarización na educación primaria en centros ordinarios un ano máis do previsto no parágrafo a) deste apartado 3.
- d) Alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo español, de acordo co establecido no presente Decreto.

4.- Sen prexuízo do establecido no apartado 2, o alumnado terá dereito a permanecer escolarizado no réxime ordinario cursando esta etapa educativa ata os dezaioito anos cumpridos no ano no que remate o curso académico.

5.- Na Educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

6.- A Educación secundaria obrigatoria organízase en materias e de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

7.- O alumnado maior de dezaioito anos que non obtivese o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e non poida ou non desexe continuar escolarizado nun centro educativo no réxime ordinario, poderá rematar os seus estudos polo réxime de ensinanzas para adultos. Poderán, asemade, incorporarse ás ensinanzas de adultos o alumnado que cumpra dezaioito anos no ano no que comece o curso académico ou os maiores de dezaseis anos que teñan un contrato laboral que non lles permita acudir aos centros educativo en réxime ordinario ou sexan deportistas de alto rendimento.

### Artigo 3.- Fins

A finalidade da Educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

### Artigo 4.- Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A Educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seu deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua galega, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os trazos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

#### Artigo 5.- Currículo.

1.- Enténdese por currículo da Educación secundaria obrigatoria o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación desta etapa educativa.

2.- As competencias básicas que se deben adquirir na educación básica, xa iniciadas na Educación Primaria, publícanse no anexo I do presente decreto. Ao seu logro deberá contribuír a Educación Secundaria, de acordo cos criterios de avaliación que para cada curso e materia figuran no Anexo II.

3.- O currículo para a Educación Secundaria obrigatoria nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para cada materia e nos diferentes cursos no Anexo II ao presente decreto.

4.- Os centros docentes incorporarán ao seu proxecto educativo as concrecións do currículo establecido no presente Decreto.

5.- A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á mesma en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro.

## Artigo 6.- Organización dos tres primeiros cursos.

1.- En cada un dos tres primeiros cursos todo o alumnado cursará as seguintes materias:

- Ciencias da natureza
- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
- Educación física
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura
- Primeira lingua estranxeira.
- Segunda lingua estranxeira
- Matemáticas

2.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer que a segunda lingua estranxeira non sexa materia obrigatoria para o alumnado que teña un desfase curricular de, polo menos, dous cursos académicos.

3.- No primeiro curso o alumnado cursará ademais a materia de Educación plástica e visual.

4.- No segundo curso o alumnado cursará as materias relacionadas no apartado 1 e ademais “Música” e a “Educación para a cidadanía e os dereitos humanos”.

5.- No terceiro curso o alumnado cursará as materias relacionadas no apartado 1 e ademais, a “Tecnoloxía” e unha materia optativa, nos termos previstos no artigo 8º.4 deste decreto.

6.- No terceiro curso a materia de Ciencias da natureza desdóbrase en Bioloxía e xeoloxía por un lado, e Física e química por outro. O profesorado avaliará por separado cada unha destas materias aínda que computarán como unha soa para os efectos da promoción regulada no artigo 11 do presente decreto.

7.- Sen prexuízo do tratamento específico nalgúns das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación en valores traballaránse en todas elas.

## Artigo 7.- Organización do cuarto curso.

1.- Todo o alumnado deberá cursar neste curso as seguintes materias:

- Ciencias sociais, xeografía e historia.
- Educación ético-cívica.

- Educación física.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Matemáticas.
- Lingua estranxeira.

2.- Ademais das materias relacionadas no apartado anterior, todo o alumnado deberá cursar tres materias de entre as seguintes:

- Bioloxía e Xeoloxía
- Educación Plástica e Visual
- Física e Química
- Informática
- Latín
- Música
- Segunda lingua estranxeira
- Tecnoloxía

3.- Todo o alumnado cursará neste cuarto curso unha materia optativa, nos termos regulados no artigo 8 deste decreto.

4.- Na materia Educación ético-cívica prestarase especial atención á igualdade entre homes e mulleres.

5.- A materia de Matemáticas poderá presentarse en dúas opcións, A e B, en función do carácter terminal ou propedéutico que teña para cada alumna e alumno. Se o centro opta por unha soa opción, sempre será a opción B.

6.- Sen prexuízo do tratamento específico nalgunhas das materias deste curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación en valores traballaranse en todas elas.

7.- Os centros informarán e orientarán ao alumnado co fin de que a elección de materias ás que se refire o apartado 2, así como a elección da materia optativa facilite tanto a consolidación de aprendizaxes fundamentais como a súa orientación educativa posterior ou a súa posible incorporación á vida laboral.

8.- Os centros deberán ofrecer a totalidade das materias as que se refire o apartado 2 deste artigo. Coa finalidade de orientar a elección do alumnado, poderán establecer agrupacións destas materias en diferentes opcións.

9.- Só se poderá limitar a elección de materias e opcións do alumnado cando haxa un número insuficiente de alumnas e alumnos, en función dos criterios que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 8.- Horario

O número de sesións lectivas semanais de cada unha das materias da educación secundaria obrigatoria é o que figura no anexo III do presente decreto.

#### Artigo 9.- Materias optativas.

- 1.- A oferta de materias optativas deberá ser diversa e equilibrada.
- 2.- Os centros incluírán, en todo caso, na oferta de materias optativas a cultura clásica e taller de iniciativas emprendedoras, que poderán ser cursadas no terceiro ou no cuarto curso, tal como figura no Anexo III.
- 3.- En cuarto curso o alumnado poderá cursar como optativa calquera das materias relacionadas no artigo 6.2 que non fose elixida de acordo co punto 2 do artigo 7.
- 4.- Con carácter excepcional poderanse autorizar, de acordo co procedemento que se estableza, unha materia optativa proposta polos centros que garden relación coas características do seu medio xeográfico e socio-cultural e que faciliten a inserción na vida activa.
  - e) As ensinanzas de materias optativas que oferten os centros só poderán ser impartidas se existe un número mínimo de alumnos e alumnas matriculados, en función dos criterios que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 10.- Profesorado.

- 1.- Sen prexuízo das competencias docentes das mestras e mestres adscritos aos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria, de acordo coa disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as materias da educación secundaria obrigatoria que se indican no anexo IV serán impartidas prioritariamente polo profesorado de ensino secundario das especialidades que se relacionan no mesmo.
- 2.- Excepcionalmente, nas condicións que se establezan, os funcionarios do corpo de profesores técnicos de formación profesional poderán impartir determinadas materias da educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 11.- Avaliación.

- 1.- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

- 2.- O profesorado avaliará o alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.
- 3.- Os criterios de avaliación das materias serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e de consecución dos obxectivos.
- 4.- A avaliación será realizada polo equipo docente, que estará constituído polo conxunto de profesoras e profesores de cada grupo de alumnas e alumnos, que actuará de forma colexiada, coordinado pola persoa titora e asesorado polo departamento de orientación.
- 5.- A cualificación de cada materia e, se é o caso, ámbitos e módulos, será decidida polo profesor ou profesora que as imparte. As restantes decisións serán adoptadas por maioría do equipo docente.
- 6.- Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumna ou alumno non progresa adecuadamente, o centro educativo, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.
- 7.- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

#### Artigo 12.- Promoción.

- 1.- Ao finalizar cada un dos cursos e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente tomará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, de acordo co establecido neste artigo.
- 2.- O alumnado promocionará ao curso seguinte cando teña superados os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- 3.- O alumnado repetirá curso cando sexa avaliado negativamente en tres ou máis materias.
- 4.- Excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza das mesmas non impide ao alumnado seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- 5.- Para os efectos de promoción de curso computarase como unha única materia as de diferentes cursos que teñan a mesma denominación.
- 6.- Coa finalidade de facilitar ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará as condicións e regulará o procedemento para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias en cada un dos cursos que terán lugar no mes de setembro.
- 7.- O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos das cualificacións das materias non superadas, así como dos de promoción e, se é o caso, de obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

8.- O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso, sen prexuízo do que se establece no apartado seguinte. Os centros deberán organizar para este alumnado un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior, de acordo co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

9.- O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Excepcionalmente, unha alumna ou alumno poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu en cursos anteriores desta etapa.

10.- Cando a segunda repetición deba producirse no último curso da etapa, prolongarase un ano o límite de idade establecido no artigo 1.4 deste decreto.

11.- As decisións do equipo docente adoptaranse por maioría simple dos seus membros.

### Artigo 13.- Atención á diversidade.

1.- A Educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da Educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

2.- Nada máis detectadas dificultades de aprendizaxe, os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

3.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará estas medidas de atención á diversidade que permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, contemplar os agrupamentos flexibles, o apoio en grupos ordinarios, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os desdobramentos de grupo, a oferta de materias optativas, as medidas de reforzo, as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os programas de diversificación curricular e outros programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

4.- A integración de materias en ámbitos está destinada a diminuír o número de profesoras e profesores que interveñen nun mesmo grupo e deberá respectar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de todas as materias que se integran, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta integración terá efectos na organización das ensinanzas pero non así nas decisións asociadas á promoción

5.- A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando presenten graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal.

Os que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis anos, poderán ser escolarizados nun ou en dous cursos inferiores ao que lles correspondería por idade, adoptándose as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar

e a recuperación do desfase curricular e para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. As alumnas e alumnos que en virtude desta escolarización non puidesen completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral, poderán continuar estudos nas ensinanzas de persoas adultas.

6.- A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais flexibilizarase de tal forma que poida incorporarse a esta etapa cando proceda a súa promoción desde a Educación primaria. Así mesmo poderá reducirse a duración da educación secundaria obrigatoria cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 14.- Alumnado con necesidades educativas especiais.

1.- Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

2.- Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

3.- Na Educación Secundaria obrigatoria poderán realizarse adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este alumnado con necesidades educativas especiais.

4.- Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixadas nas adaptacións.

5.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará o procedemento de autorización das adaptacións referidas no presente artigo.

6.- Sen prexuízo das repeticións de curso previstas no artigo 11.9 do presente decreto, a escolarización deste alumnado na Educación secundaria obrigatoria poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a obtención do título de Graduado ao que se fai referencia no artigo 16.

Artigo 15.- Programas de diversificación curricular.

1.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará os programas de diversificación curricular para o alumnado que, trala oportuna avaliación, precise dunha organización dos contidos, actividades prácticas e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral e dunha metodoloxía específica para alcanzar os obxectivos e competencias básicas da etapa e o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

2.- Poderán incorporarse aos programas de diversificación curricular, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as alumnas e alumnos desde o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria que en cursos anteriores tivesen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo. Tamén poderán realizalos as alumnas e alumnos que cursasen segundo, que non estean en condicións de

promocionar a terceiro e xa repetisen unha vez na etapa. En todo caso, a súa incorporación requirirá a avaliación tanto académica como a psicopedagóxica a través do ditame emitido polo departamento de orientación, informe do equipo docente, e previa audiencia do propio alumnado e dos seus pais, nais ou titores.

3.- Con carácter xeral, a duración destes programas será de dous anos. Non obstante, poderán establecerse programas dun ano de duración para aquelas alumnas ou alumnos que cursasen o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou que repetisen o terceiro curso sen superalo.

4.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o currículo destes programas no que se incluírán dous ámbitos específicos, un deles con elementos formais de carácter lingüístico e social, e outro con elementos formativos de carácter científico-tecnolóxico e tres materias das establecidas para a etapa non contempladas nos ámbitos anteriores, que o alumnado cursará preferentemente no grupo ordinario. Poderá establecerse ademais un ámbito de carácter práctico.

O ámbito lingüístico social incluírá, como mínimo, os aspectos básicos do currículo correspondentes ás materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Lingua galega e literatura, Lingua Castelá e Literatura e primeira lingua estranxeira. O ámbito científico-tecnolóxico incluírá, como mínimo, os correspondentes ás materias de Matemáticas, Ciencias da natureza e Tecnoloxías. Se a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria incorpora un ámbito de carácter práctico incluírá no mesmo os contidos correspondentes a Tecnoloxías.

5.- Cada programa de diversificación curricular deberá especificar a metodoloxía, contidos e criterios de avaliación que garantan o logro das competencias básicas.

6.- O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado que cursa un programa de diversificación curricular serán as competencias básicas e os obxectivos xerais da Educación Secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación establecidos para cada ámbito do programa e das materias que curse cada alumna ou alumno, coas adaptacións curriculares que, se é o caso, lles correspondan.

7.- O alumnado que ao rematar o programa, non estea en condicións de obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e cumpra os requisitos de idade establecido no artigo 1.4 do presente decreto, poderá permanecer un ano máis no programa.

8.- O número de alumnas e alumnos de cada programa non poderá ser superior a 10.

9.- Cada ámbito deberá ser impartido por un único profesor ou profesora. Para a impartición do ámbito lingüístico e social terase como criterio preferente ser titular da especialidade de lingua galega e literatura ou de lingua castelá e literatura.

Artigo 16.- Programas de cualificación profesional inicial.

1.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria organizará e, sé o caso, autorizará programas de cualificación profesional inicial coa finalidade de favorecer a inserción social, educativa e laboral das mozas e mozos.

2.- Poderán acceder a un programa de cualificación profesional inicial as alumnas e alumnos maiores de dezaseis anos, cumpridos con anterioridade ao 31 de decembro do ano no que se inicia o programa, que non obtivesen o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

3.- Excepcionalmente, poderán acceder a un programa de cualificación profesional as alumnas e alumnos de quince anos de idade, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Acordo das alumnas e alumnos, nais e pais ou titores

b) Ter cursado segundo da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de promocionar a terceiro e ter repetido xa unha vez na etapa.

c) Compromiso de cursar os módulos voluntarios aos que se fai referencia no artigo 30.3.c) da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

d) Informe favorable do departamento de orientación do centro.

4.- Os programas de cualificación profesional inicial deberán responder a un perfil profesional expresado a través da competencia xeral, as competencias persoais, sociais e profesionais, e a relación de cualificacións profesionais e, se é o caso, unidades de competencia de Nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no programa.

5.- Os programas de cualificación profesional inicial incluirán tres tipos de módulos:

a) Módulos específicos que desenvolverán as competencias do perfil profesional e que, se é o caso, contemplarán unha fase de prácticas nos centros de traballo, respectando as esixencias derivadas do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais e Formación Profesional

b) Módulos formativos de carácter xeral que posibiliten o desenvolvemento das competencias básicas e favorezan a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral.

c) Módulos que conduzan á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria e que poderán cursarse de maneira simultánea cos módulos obrigatorios ou unha vez superados estes.

6.- Os módulos que conduzan á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria terán carácter voluntario, agás para o alumnado ao que se refire o apartado 3 deste artigo, e deberán ser impartidos en centros autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que, en todo caso, serán de Educación Secundaria Obrigatoria ou de Educación Permanente de Adultos.

7.- Os módulos conducentes á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria organizaranse de forma modular en tres ámbitos:

a) ámbito da comunicación.

b) ámbito social.

c) ámbito científico-tecnolóxico.

8.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará os currículos dos diferentes ámbitos. O ámbito de comunicación incluirá os aspectos básicos do currículo das materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e primeira lingua estranxeira. O ámbito social incluirá os referidos ás materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Educación para a cidadanía, os aspectos de percepción recollidos no currículo de Educación plástica e visual e Música. O ámbito científico-tecnolóxico incluirá aqueles referidos ás materias de Ciencias da natureza, Matemáticas, Tecnoloxías e aos aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación física.

9.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer procedementos que permitan que os centros educativos recoñezan as aprendizaxes adquiridos tanto na escolarización ordinaria na Educación secundaria obrigatoria como no resto dos módulos do programa, para aquelas alumnas e alumnos que vaian cursar os módulos conducentes á obtención do título.

10.- A oferta de programas de cualificación profesional inicial poderá adoptar as seguintes modalidades:

a) Modalidade A, na que todos os módulos se imparten nun mesmo centro educativo.

b) Modalidade B, na que os módulos específicos se imparten nun centro educativo e os módulos formativos de carácter xeral e os módulos de carácter voluntario se imparten noutro.

c) Modalidade C, na que poderán participar as corporacións locais, as asociacións profesionais, as organizacións non gubernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, baixo a coordinación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En todo caso, os módulos voluntarios conducentes á expedición do título de Graduado en Educación secundaria obrigatoria serán impartidos nos centros educativos.

11.- Coa finalidade de facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais, de conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria incluírá unha oferta específica de programas de cualificación profesional inicial, adaptada para este alumnado que non pode integrarse na modalidade ordinaria.

Artigo 17.- Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

1.- O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria alcanzara as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

2.- O alumnado que supere todas as materias da etapa obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Da mesma maneira, poderán obter o devandito título as alumnas e alumnos que rematasen o cuarto curso con avaliación negativa nunha ou dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente considere que a natureza e o peso das mesmas no conxunto da etapa non lles impediu alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

3.- O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria se superan todos os ámbitos e materias que integran o programa. Asemade, poderán obter o devandito título o alumnado que tendo superado os dous ámbitos, teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que a xuízo do equipo docente alcanzasen as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

4.- O alumnado que curse un programa de cualificación profesional inicial obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria se cursa e supera, ademais dos módulos obrigatorios, os módulos voluntarios indicados no artigo 15.7 deste decreto.

5.- O alumnado con dezaioito anos cumpridos que non obteña o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e non teña avaliación negativa en máis de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da escolarización, dunha convocatoria anual de probas para superar as materias pendentes de cualificación positiva, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En todo caso, as probas terán lugar no mes de

xuño e serán incompatibles con estar cursando as ensinanzas de adultos e presentarse ás probas para obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria previstas no artigo 68.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

6.- O título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirá acceder ao bacharelato, á formación profesional de grao medio, aos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño, ás ensinanzas deportivas de grao medio e ao mundo laboral.

7.- O alumnado que curse a educación secundaria obrigatoria e non obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá un certificado no que se fará constar os anos e materias cursados.

#### Artigo 18.- Autonomía dos centros.

1.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerá o traballo en equipo do profesorado e estimulará a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2.- Os centros, no exercicio da súa autonomía, poderán adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización ou ampliación do horario escolar nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sen que, en ningún caso, se impongan aportacións ás familias.

3.- Os centros docentes, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, incluírán no Proxecto Educativo do centro a concreción do currículo, que contará polo menos cos seguintes apartados:

- a) Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socio-económico e cultural do centro, e ás características do alumnado, tendo en conta o establecido ao respecto no propio Proxecto Educativo.
- b) Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias básicas.
- c) Proxecto lingüístico.
- d) Incorporación, a través das distintas áreas e materias da educación en valores.
- e) Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.
- f) Liñas xerais de atención á diversidade.
- g) Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- h) Plan lector.
- i) Plan TIC
- j) Plan de convivencia.
- k) Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión.
- l) Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.
- m) Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

4.- As programacións docentes serán elaboradas polos órganos de coordinación docente que corresponda e contarán polo menos cos seguintes elementos:

- a) Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
- b) Obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso.
- c) Metodoloxía e materiais curriculares.
- d) Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Mínimos esixibles para a obtención de unha avaliación positiva.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
- h) Actividades complementarias e extraescolares.

## Artigo 19.- Avaliación de diagnóstico.

1.- Ao finalizar o segundo curso da educación secundaria obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polo seu alumnado. Esta avaliación que non terá efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros, informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa, como establece o artigo 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

2.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará aos centros educativos os modelos e apoios necesarios, co fin de que todos realicen de xeito adecuado estas avaliacións.

3.- A información que se obteña destas avaliacións de diagnóstico será tida en conta polos centros para organizar as medidas e programas que sexan necesarios para mellorar a atención ao alumnado e garantir que este obteña as correspondentes competencias básicas. Así mesmo, estes resultados permitirán, xunto coa avaliación dos procesos de ensinanza e a práctica docente, analizar, valorar e reorientar, se procede, as actuacións desenvolvidas nos dous primeiros cursos da etapa.

## Artigo 20.- Tutoría e orientación

1.- A acción titorial e a orientación académica e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos para guiar ao alumnado na elección de materias optativas, na transición ao mundo laboral ou académico ao finalizar o ensino obrigatorio, así como nos plans de acollida no centro.

2.- Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora, designada polo titular da dirección do centro entre o profesorado que imparta docencia a dito grupo. Terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, tanto no relativo á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe. Será a responsable da orientación do alumnado en colaboración co departamento de orientación.

3.- A orientación educativa garantizará, en especial no cuarto curso, un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou unha orientación profesional se fose o caso. En todo caso, a orientación educativa velará pola igualdade de xénero.

## Artigo 21.- Participación das nais, pais ou tutores.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o procedemento para que, de conformidade co establecido no artigo 4.2 e) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, os pais, nais ou persoas titoras participen e apoiem a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas ou tutelados, coñezan as decisións relativas á avaliación e promoción e colaboren nas medidas de apoio, reforzo, adaptación ou diversificación que se adopten polos centros educativos para facilitar o seu progreso educativo.

## Disposición adicional primeira.- Educación de Persoas Adultas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará a ensinanza básica para as persoas adultas, no marco do establecido na disposición adicional primeira do Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación secundaria obrigatoria.

## Disposición adicional segunda.- Ensinanzas de relixión.

1.- As ensinanzas de relixión incluíranse na Educación secundaria obrigatoria, de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.- Ao inicio de cada curso as alumnas e alumnos maiores de idade e os pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade manifestarán a súa vontade de recibir ou non ensinanzas de relixión.

3.- Os que opten por recibir ensinanzas de relixión poderán elixir entre as ensinanzas de relixión católica, as daquelas outras confesións relixiosas ás que se refire o apartado 2 desta disposición adicional ou a ensinanza de historia e cultura das relixións.

4.- Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado que non curse as ensinanzas de relixión reciba a debida atención educativa, co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa. As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que nais, pais, titores e alumnado as coñezan con anterioridade.

5.- A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu Acordos de Cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6.- A avaliación das ensinanzas da relixión católica e de historia e cultura das relixións realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que as outras materias da etapa. A avaliación da ensinanzas das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado subscribirá Acordos de Cooperación axustarase ao establecido nos mesmos.

8.- As cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de relixión non computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos, nin na obtención da nota media para os efectos de admisión do alumnado, cando houberse que acudir a ela para realizar unha selección entre as persoas solicitantes.

Disposición adicional terceira.- Límite de idade na Educación secundaria obrigatoria.

O límite de idade establecido no artigo 1.4 deste decreto prorrogarase un ano para aquel alumnado que se incorpore a esa etapa educativa cunha idade superior á establecida con carácter xeral, en aplicación das normas de promoción na Educación Primaria, e non se lle establezan medidas de adaptación ou diversificación curricular.

Disposición adicional cuarta.- Probas para maiores de dezoito anos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará anualmente probas para que as persoas maiores de dezoito anos poidan obter directamente o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que alcancen as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Disposición transitoria .- Aplicabilidade do currículo establecido polo Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, modificado polo Decreto 331/1996, do 26 de xullo, ....., polo que se establece o currículo da Educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O currículo establecido no Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, continuará vixente ata que se vaia implantando o novo currículo aprobado no presente decreto, conforme ao previsto no Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Os centros adaptarán o Proxecto Educativo e as programacións docentes ao contido deste Decreto en dous cursos escolares a contar dende o curso 2007/08, de acordo co calendario de implantación destas ensinanzas.

Disposición derogatoria.- Derrogación normativa.


Queda derogado o Decreto 78/1993, do 23 de febreiro, polo que se establece o currículo da Educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia así como as demais normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente decreto.

Disposición final primeira. - Desenvolvemento normativo.

Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido neste decreto.

Disposición final segunda.- Entrada en vigor.

O presente Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Confederación Intersindical Galega

---

ENSINO

### ANEXO III

MATERIAS	CURSOS			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e xeoloxía			2	3*
Ciencias da natureza	4	4	-	-
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3
Educación física	2	2	2	2
Educación para a cidadanía e dereitos humanos	-	2	-	-
Educación Ético- cívica	-	-	-	1
Educación plástica e visual	3	-	-	3*
Física e Química	-	-	2	3*
Informática	-	-	-	3*
Latín	-	-	-	3*
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	3	4	3	3
Primeira Lingua estranxeira	3	3	3	3
Segunda lingua estranxeira	2	2	2	3*
Matemáticas	4	4	4	3
Música	-	3	-	3*
Tecnoloxía	-	-	-	3*
Tecnoloxías	-	-	4	-
Relixión	2	1	1	1
Proxecto interdisciplinar	1	-	-	-
Titoría	1	1	1	1
Optativa	-	-	2	3
TOTAL	32	32	32	32

#### Materias optativas:

3º curso:

Cultura Clásica

Taller de iniciativas emprendedoras

Música

Optativa ofertada polo centro

4º Curso:

Cultura Clásica ( se non foi cursada en 3º)

Taller de iniciativas emprendedoras ( se non foi cursada en 3º)

Calquera das oito materias do apartado dous non elixida con anterioridade

Optativa ofertada polo centro

### ANEXO IV

MATERIA	ESPECIALIDADE PROFESORADO
Ciencias da Natureza	Bioloxía e xeoloxía , Física e química
Educación Ético-cívica	Filosofía, Xeografía e historia
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	Filosofía, Xeografía e historia
Taller de iniciativas emprendedoras	Administración de empresas, Economía, Organización e Xestión Comercial, Xeografía e Historia.
Historia e cultura das relixións	Filosofía, Xeografía e Historia
Informática	Tecnoloxía, Matemáticas, Física e química



Confederación Intersindical Galega

---

ENSINO